4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Instrumentos dotación de aula.
Aula virtual: no que colgaremos material didáctico, cuestionarios de repaso, ademais de utilizalo como medio de comunicación profesor - alumno para a resolución de dúbidas.
Programa de edición de partituras: en concreto o programa gratuito MuseScore.
Materiais do Repositorio Abalar.
Programa edición de audio: en concreto utilizaremos o programa gratuito Audacity.

1. Para a interpretación instrumental utilizaremos a frauta dulce como instrumento melódico de uso personal, ademais dos instrumentos Orff habituais nas dotacións de aula: xilófonos, metalófonos, e carillóns, pequena percusión de altura indeterminada, guitarras e teclado.
2. Aula virtual: todos os recursos e actividades que pon á disposición a aula virtual do centro.
3. Programas de edición de partituras e audio: que se poderán utilizar no caso de poder usar as aulas de informática, que adoitan estar moi solicitadas.
4. Material do Repositorio Abalar que se pode descargar e utilizar na Aula Virtual
5. Ordenador e canón de vídeo: vídeos e presentacións de diapositivas que ilustren os distintos temas a traballar. Equipo de música con lector de CD de audio e o CD de audio e Dvds.
6. Caderno de actividades do alumnado. Decídese utilizar

material propio, fotocopias e/ou apuntamentos achegados sobre as unidades a tratar, así como partituras variadas para completar os temas de estudo. Evitamos así restrinxirnos á utilización dun libro de texto. Recursos fotocopiáveis con actividades para traballar a tarefa, actividades de reforzo e ampliación.

7. Programas interactivos (Serie Recursos Educativos Multimedia).

8. Libros de lectura didáctica para os alumnos coa finalidade de fomentar a súa curiosidade pola historia da música.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial no 3º curso de ESO realizarase a mediados de outubro co obxectivo de averiguar os coñecementos musicais e dancísticos previos que aprendeu e lembra o alumnado do curso anterior. Mediante a observación valorarase o feito de que teñan e traian o material de traballo e a súa actitude e participación nas actividades de clase, así como a súa destreza nas distintas actividades que se realicen en clase ata a data da avaliación inicial (coreografías rítmicas, lectura musical, interpretación, tarefas relacionadas cas tecnoloxías, etc.) Terase en conta ademais a información que teñamos do curso pasado. Realizarase unha proba oral de lectura musical e outra de frauta, dunha das cancións traballadas ata o momento.

Unha vez realizada, identificaranse, se os hai, os casos de necesidades educativas especiais, os que deben reforzar

certos coñecementos e aquel alumnado que só precisa aprender novos contidos. Recorreráse ao Departamento de Orientación nos casos de alumnado con necesidades educativas especiais para coordinar o enfoque metodolóxico e conseguir o mellor rendemento académico, atendendo non só o alumnado con carencias académicas, senón tamén aqueles que destacan sobre a media.

*PROPOSTA DE AVALIACIÓN INICIAL 3º ESO.

Responde as seguintes preguntas:

1- Que é para ti a música?.

2- Completa as tres columnas:

Abreviatura	Termo	Significado
-------------	-------	-------------

pp	pianissimo	Moi suave
----	------------	-----------

p	forte	
---	-------	--

ff	Cresc.	
----	--------	--

3- Define os seguintes termos musicais: Pentagrama, clave, notas, liña adicional, figura, silencio, crescendo, compás e liña divisoria.

4- Di a que familia pertencen os seguintes instrumentos da orquestra. (Especifica o grupo da familia da que forman parte):

- Fruta traveseira
- Clarinete
- Timbal
- Trompeta
- Marimba
- Pratos
- Trompa
- Oboe

5- Fai un dictado rítmico de 8 compases en 4/4.

6- Escribe o nome das liñas e espazos do pentagrama.

a) Liñas:

b) Espazos:

7- Debuxa unha corchea e escribe as partes que ten:

8- Escribe 8 instrumentos de percusión de altura indeterminada e indica a que grupo pertencen (dos tres grupos diferentes que existen) segundo o material do que están feitos.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	17	17	17	17	17	15	100
Proba escrita	55	55	55	55	55	55	55
Táboa de indicadores	45	45	45	45	45	45	45

Criterios de cualificación:

En 3º de ESO, a nota final de cada avaliación será o resultado da media de tres notas obtidas mediante diferentes probas e exercicios realizados ao longo da avaliación correspondente. Son as que seguen:

1- Parte teórica: Dúas probas teórico-prácticas por avaliación. Farase a media entre as dúas probas (cualificadas sobre 10) para obter a nota media de teoría sobre cuestións musicais que deben estudar das fotocopias e/ou apuntamentos achegados pola profesora. As cuestións prácticas estarán relacionadas coa colocación de notas sobre o pentagrama, división en compases mediante liñas divisorias, definición de termos musicais básicos (piano, forte, crescendo, da capo...), realización de ditados rítmicos, melódicos, equivalencias entre figuras, silencios... e calquera exercicio de práctica musical que se realizase en clase. Nesta proba pode haber unha pregunta de audicións que valerá como máximo dous puntos sobre dez. Será o 45 % da nota.

2- Rúbricas de participación nos exercicios de relaxación, estiramientos, vocalización... realizados na aula ao longo do trimestre. Cada rúbrica cualifícase sobre dez e contan un 10 % da nota.

3- Parte práctica: Dúas probas prácticas de instrumento

(fruta e/ou placas) e/ou vogal. Farase a media entre as dúas probas para obter a nota de practica instrumental e/ou vogal. Cualificarase sobre dez e será o 45 % da nota. (No caso de non poder cantar e/ou tocar a fruta, as probas serán sobre a execución de ritmogramas, pezas de percusión corporal e interpretación con instrumentos de percusión).

4- Valorarase positivamente ter o material de aula correspondente (fotocopias, libretas pautada e de clase e fruta no caso de que poida ser empregada).

Entenderase suspensa a avaliación trimestral de non presentar o alumno algún traballo ou non asistir a algún exame (puntuará como cero), sexa o teórico ou os de práctica, a no ser que a falta sexa xustificable por unha causa de forza maior e no posible, documentalmente (xustificante médico, citación do xulgado, etc.). No caso de que o alumnado copie ou fale nalgún examen, terá un cero en dita proba.

Para superar o trimestre é requisito indispensable aprobar tanto o exame teórico como os prácticos. Non se farán exames de recuperación ata despois da avaliación.

Baixa a cualificación do trimestre:

1) As faltas de asistencia e puntualidade non xustificadas (as de asistencia baixan 0.1 e as de puntualidade 0.05)

2) Non traer o caderno, a fruta ou o bolígrafo (0.2 cada uno)

3) Comportarse incorrectamente na clase, o que implica:

- Non realizar as actividades de clase encomendadas polos profesores.

- Non atender e molestar durante as explicacións dos profesores e nas actividades que esixan silencio.
- Non escoitar e respectar as opinións e manifestacións musicais dos compañeiros.
- Non respectar a prohibición de comer na clase, ou do uso do móbil.

Procedementos de recuperación.

- Parte teórica: No caso dos exames de teoría, non se farán exames de recuperación ata despois de cada trimestre; e no caso dos exames de linguaxe musical, non se farán probas de recuperación como tales, excepto no terceiro, xa que os contidos son progresivos.
- Parte práctica: o alumnado que non entregou algún traballo ou non fixo algún dos controis prácticos dun trimestre suspenso debe entregalo obrigatoriamente no seguinte.

Criterios de avaliación

- Para aprobar cada trimestre é necesario alcanzar unha puntuación de mínima de 3 nos exames, tanto nos escritos como nos prácticos (para aprobar, a media deberá ser 5).
- Suspenderase o trimestre de non presentarse o alumno ao exame escrito ou a algún dos controis, a non ser que a falta sexa xustificable por unha causa de forza maior e no posible, documentalmente (xustificante médico, citación do xulgado, etc.).
- É imprescindible a asistencia regular a clase, a puntualidade, traer o material de traballo (caderno pequeno e bolígrafo), así como un comportamento

correcto en clase e unha boa actitude cara á materia.

Crterios de cualificación.

- A nota da avaliación será a suma das cualificacións do exame escrito e dos controis da parte práctica propostos.
- Sobe a cualificación do trimestre: A entrega de traballos voluntarios propostos pola profesora sumarán 0,25 á nota do trimestre.

A avaliación final será o resultado da aplicación do seguinte criterio:

- Unha vez aprobados os trimestres, a nota final do curso será a nota media das cualificacións dos tres trimestres. Unha vez feita a media, redondearase cara arriba a partires de 0,75 sempre e cando o alumno/a non teña negativos. O aprobado da materia acádase cunha puntuación de 5 puntos.

Crterios de recuperación:

Durante o terceiro trimestre, o alumnado que non acade o aprobado no exame teórico ou nalgún dos controis prácticos, deberá repetir as probas suspensas. A profesora estará a disposición do alumnado durante tres recreos á semana, co obxecto de axudarlles a preparar ditas probas. Quen suspenda a materia na avaliación parcial de xuño deberá levar toda a materia á avaliación final, nunha proba única, onde se preguntarán todos os contidos teóricos e prácticos vistos ao longo do curso. Esta avaliación final realizarase na semana do 19 ao 21 de xuño.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado que non superase a materia, será supervisado ao longo do seguinte curso mediante a achega do material pertinente fotocopiado para a súa lectura e posterior realización de exercicios e/ou traballos de cada unidade.

O material será entregado ao longo de cada trimestre para que consulten as dúbidas que poidan xurdir e deberán entregalos ben feitos e nos prazos estipulados. Os exercicios e/ou traballos serán corrixidos e entregados ao alumnado, xa que lle servirán para preparar a proba parcial que debe superar ao final de cada trimestre (coincidindo coas respectivas avaliacións) para a recuperación da materia pendente.

O boletín/traballo contará un 20% da nota e o examen teórico/práctico un 80%.

Para solventar as posibles dúbidas e realizar o seguimento, a profesora estará a disposición do alumnado nos segundos recreos na Aula de Música, e través da Aula Virtual. Ademais informará aos pais nas avaliacións sobre o progreso do alumno.

No caso de non superar a materia deste xeito, o alumnado deberá examinarse de toda a materia unha única proba na avaliación final que se realizará entre o 19 e o 21 de xuño, onde se preguntarán todos os contidos teóricos e prácticos da materia pendente.

Terán así un seguimento continuado durante todo o curso académico.

Debe facerse constar que neste curso académico

existen 2 alumnos coa materia pendente de 2º ESO.

6. Medidas de atención á diversidade

O proceso de ensinanza-aprendizaxe require unha intervención planificada de todo o proceso, de aí que o profesorado deba preocuparse por saber cáles son os coñecementos do alumnado, e seleccionar os obxectivos axeitados para tomar unha serie de decisións sobre o método de traballo e as actividades de avaliación a levar a cabo. Trataremos así a diversidade do alumnado, definiremos cómo tratar determinadas diferenzas e prepararemos estratexias para dar resposta a todas aquelas necesidades que xurdan. O alumno e a alumna convértense en motor do seu proceso de aprendizaxe e o profesorado fai o papel de guía, xa que poñerá en contacto os coñecementos e experiencias previas do alumnado cos novos contidos.

Realizarase unha avaliación continua, atendendo á evolución do proceso global de desenvolvemento do alumno/-a. Ao inicio de curso realizarase unha avaliación inicial, para poder determinar os coñecementos previos do alumnado e dende aí iniciar os novos coñecementos. En cada unidade farase un seguimento, levando a cabo unha avaliación formativa, para poder corrixir posibles dificultades e, por último, farase unha avaliación sumativa, onde se observará a aprendizaxe do alumno/-a. Non se terá en conta só os coñecementos de tipo conceptual, senón tamén os cadernos de clase, nivel de participación, realización de traballos, actitude...

Dentro do humanamente posible e tendo en conta as dificultades derivadas do elevado número de alumnos por grupo en este nivel, unha ratio de trinta alumnos e alumnas, tratarase de prestar especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, ofrecendo diferentes formas de organización dos espazos e tempos da clase, e metodoloxías variadas que permitan a todo o alumnado seguir as explicacións e actividades propostas.

O obxectivo fundamental é asegurar a normalización, inclusión e non-discriminación deste alumnado coa fin de que poida acceder a unha educación de calidade con igualdade de condicións. Estudiaranse as circunstancias concretas de cada caso, con especial atención ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, tendo en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, establecendo as liñas educativas a seguir e garantindo así os apoios necesarios. Poderanse realizar adaptacións curriculares e organizativas ofrecendo entre outros, programas de reforzo ademáis de medidas de apoio personalizado para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, e para aqueles que permanezan un ano máis no mesmo curso, coa fin de permitir a todo o alumnado o desenvolvemento das competencias clave previsto no perfil de saída e a consecución dos obxectivos xerais da educación secundaria obrigatoria, así como alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais.

Con todo, para a atención á diversidade do alumnado de

educación secundaria obrigatoria estarase ao disposto na lexislación vixente na Comunidade Autónoma de Galicia.

En cada unidade realizarémonos as seguintes cuestións:

1- Que dificultades e potencialidades percibo no grupo durante o desenvolvemento da unidade?

2- Como podo minimizar as dificultades?

3- Que necesidades individuais atopo no desenvolvemento da unidade?

4- Que recursos e estratexias utilizarei para atender as necesidades individuais?

Asúmense e coñécense as diferenzas no interior do grupo. Aquí é moi importante o traballo en colaboración co Departamento de Orientación do centro que é quen informa e axuda no tratamento daquel alumnado con necesidades específicas.

Na materia de Música aténdese a diversidade do alumnado de distintas maneiras:

1- Explicando sempre os contidos esenciais e, progresivamente, incluíndo conceptos máis técnicos. Parte do alumnado poderá traballar con todos estes conceptos e utilizar un vocabulario musical máis preciso mentres outra parte coñecerá a súa existencia aínda que non cheguen a utilizar este vocabulario. Diversifícase así a información conceptual para traballar. Nos casos, de maior coñecemento da materia, achegaráselles máis contidos que contribúan ao seu desenvolvemento académico.

2- Propoñeranse exercicios con dificultade de execución variada. En cada unidade didáctica haberá actividades de

reforzo e ampliación para aprender, reforzar e/ou mellorar aspectos técnicos instrumentais e/ou vogais.

3- Distínguense os exercicios e/ou partituras con distintos graos de dificultade de execución. Por exemplo, nas actividades de interpretación hai varias voces con distintos graos de dificultade, e en cada unidade didáctica teremos actividades de reforzo e de ampliación.

4- Distinguiranse os exercicios realizables pola maioría do alumnado. Facilitarase a avaliación individualizada na que se fixan as metas que cada alumna/-o debe alcanzar dende o seu nivel inicial de aprendizaxe.

Algunhas posibles ferramentas para organizar a atención á diversidade serían:

1. Organizar ao alumnado en diferentes agrupamentos nas actividades segundo os seus intereses e motivacións.
2. Utilizar materiais variados en ditas actividades: escritos, audiovisuais, etc.
3. Aplicar diversas técnicas e metodoloxías para explicar un mesmo contido.
4. Manter o contacto permanente con este alumnado a través de entrevista persoal para saber que parte da asignatura cóstalles máis seguir.
5. Ofrecerlle tempo extra para asimilar as explicacións (por exemplo algún recreo a semana para consultar dúbidas) e para resolver probas específicas. A profesora estará a disposición do alumnado nos segundos recreos e a través da aula virtual.

En canto á atención do alumnado que provén doutros

países ou pertence a distintas etnias:

1. Presentación dos alumnos e da profesora: nome, procedencia, irmáns, afeccións, gustos musicais, estudos musicais... co obxectivo de localizar alumnado de outros países ou culturas.
2. Realización de diversas actividades en grupo co obxecto de facilitar a integración do alumnado estranxeiro ou de outras culturas.
3. Aplicación se é preciso de actividades de reforzo.
4. Utilizar exemplos musicais de diversas culturas.
5. Pedir aos alumnos de fora que traian exemplos musicais propios e que expliquen as características das músicas do seu país ou etnia, que nos ensinen algunha danza ou traian algún instrumento que podan ter na casa, e que o mostren ou interpreten algunha peza.

Atención do alumnado con necesidades educativas especiais:

O nivel do que se parte é moi baixo, polo que ningún alumno que traballe na clase e mostre interese pola materia terá problemas para superar a materia. O alumnado especialmente dotado e de xeito voluntario tamén poderá vir nos recreos a tocar os instrumentos, preparar coreografías de danza, cantar ou calquera actividade relacionada, así como para solucionar problemas puntuais e preguntar dúbidas.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Creatividade.	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Autonomía.	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial.	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación para a igualdade de oportunidades de ambos os dous sexos: o papel da muller na música quedou relevado sempre a un segundo termo. Cando podían interpretar algún instrumento era de menor tamaño.	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A educación ambiental: debemos tomar consciencia sobre os problemas que afectan ao medio e tentar evitalos. Reivindicar o noso dereito ao silencio.	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A educación para a saúde: cun correcto uso da voz, a través da educación vogal promove hábitos de vida máis saudables, aprendendo unha correcta respiración. A práctica musical axuda a aprezoar e valorar o propio corpo e as súas posibilidades de movemento, de expresión individual e colectiva. A práctica instrumental axuda á consecución dunha posición e ton muscular equilibrado.	X	X	X	X	X	X
ET.8 - A educación para a paz: interese e respecto cara á música doutras culturas mediante o coñecemento dos contextos histórico-sociais-culturais das distintas músicas.	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.9 - A voz como medio de comunicación é un instrumento para o diálogo. No que se refire á interdisciplinabilidade, a área de Ciencias da Natureza pode axudar ao bo coñecemento do corpo e, en concreto, do aparello fonador. Debe haber un respecto e bo diálogo nas interpretacións conxuntas e individuais, aprendendo ademais a discernir e ser críticos con todo o que escoitamos.	X	X	X	X	X	X
ET.10 - A educación do consumidor: saber seleccionar a música que realmente nos interesa.	X	X	X	X	X	X
ET.11 - A educación moral e cívica: o traballo en equipo. A música posúe un destacado compoñente de contidos actitudinais baseados non só no respecto e acatamento de normas, senón tamén na necesidade da súa existencia.	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Respeto mutuo: educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X
ET.14 - Competencia dixital e comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X

Observacións:

- **Comprensión lectora:** Traballarase principalmente través dos textos para aprender os contidos teóricos.
- **Creatividade:** traballarase a través da composición de exercicios e pezas propias de percusión corporal, uso de tecnoloxías, creación de letras, improvisación...
- **Autonomía:** traballarase de actividades de improvisación, creación de contidos e proxectos propios tanto a nivel individual como grupal.
- **Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial:** Actividades que implican creación de proxectos grupais.
 - **Igualdade entre sexos:** Utilización de obras de diversos estilos e épocas compostas tanto por homes como por mulleres, fomentando especialmente o repertorio composto por mulleres e intérpretes femininas.
 - **Consumo responsable:** fomento do espírito crítico. A través da comprensión dos elementos que conforman a música e dos distintos estilos e xéneros musicais o alumnado conformará unha opinión obxectiva e crítica e isto contribuirá a fomentar un consumo musical responsable.
 - **Respecto mutuo:** educación emocional e en valores. Actividades musicais grupais nas que é primordial respectar as producións musicais dos demais e axudarse mutuamente para conseguir un son de conxunto.
 - **Expresión oral e escrita:** A través da redacción de textos explicativos e traballos de exposición oral como por exemplo explicar os parámetros que conforman o son, a forma dunha canción, a importancia do silencio na nosa saúde e nas nosas vidas, etc.
 - **Competencia dixital e comunicación audiovisual:** a través da creación de músicas con ferramentas dixitais e de eventos musicais que engloben non so música e danza, senón tamén propostas audiovisuais que as acompañen, creando así unha performance global.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actividades para conmemorar datas sinaladas como o día contra a violencia de xénero, da paz ou da muller traballadora...	Participará o alumnado voluntario e contará positivamente para a nota da avaliación.	X	X	X
Participación nas actividades lúdico-didácticas organizadas por outros departamentos e pola Biblioteca, como o festival de Nadal, Antroido, Letras galegas...	Participará o alumnado voluntario e contará positivamente para a nota da avaliación.	X	X	X
Participación en actividades relacionadas co currículo ofertadas ao longo do curso polo concellos de A Estrada.	Sempre e cando se axusten ao currículo.	X	X	X
Concertos didácticos no Auditorio de Galicia ou no propio centro escolar.	A asistencia será obrigatoria.	X	X	X

Observacións:

Durante o presente curso escolar, o Departamento de Música propón as seguintes actividades extraescolares: acudir a concertos didácticos no Auditorio de Galicia (pendentes de admisión) e no Teatro Principal, facer unha visita guiada ao museo da Catedral así como facer actividades para conmemorar datas sinaladas e participar nas actividades lúdico-didácticas organizadas por outros departamentos e pola Biblioteca, como o festival de Nadal, Antroido, Letras Galegas,...

As pezas musicais interpretaranse en público no caso de que podan ser preparadas axeitadamente na aula.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Ben ou acadado/ Mal ou non acadado/ Regular ou mellorable
Metodoloxía empregada
Ben ou acadado/ Mal ou non acadado/ Regular ou mellorable
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Ben ou acadado/ Mal ou non acadado/ Regular ou mellorable
Medidas de atención á diversidade
Ben ou acadado/ Mal ou non acadado/ Regular ou mellorable
Clima de traballo na aula
Ben ou acadado/ Mal ou non acadado/ Regular ou mellorable
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Ben ou acadado/ Mal ou non acadado/ Regular ou mellorable

Descrición:

Para avaliar a actividade docente, este Departamento establece que se lle pase ao alumnado polo menos a final de curso unhas enquisas nas que se lle pide a súa opinión ao respecto, xa que consideramos que son eles/elas os que poden facer unha mellor valoración das explicacións, da dificultade dos contidos, da metodoloxía empregada, criterios de avaliación...

Ao finalizar cada trimestre farase unha revisión dos resultados obtidos e da evolución individual do alumnado con respecto á materia. Cada trimestre contará polo menos con dúas probas teóricas e outras dúas prácticas que nos axudarán a dar un diagnóstico fiable sobre a evolución e progreso do alumnado. Se a materia é escasa ou excesiva, irase revisando ao longo do curso e procurarase atopar a mellor solución, revisando a programación e os criterios de avaliación se é o caso. Farase coas seguintes preguntas:

- 1- Consulto a programación ao longo do curso e, se é preciso, fago modificacións?
- 2- Recoilo na programación as competencias clave de cada unidade?
- 3- Ao redactar a programación teño en conta o contexto onde se desenvolve o alumnado?
- 4- Cada vez que iniciamos unha unidade, proporciono ao alumnado toda a información que precisan (obxectivos, contidos, metodoloxía, competencias...)?

Algúns dos ítems a contemplar para avaliar a propia programación e a práctica docente mediante rúbrica son os seguintes:

- Comprobación dos obxectivos propostos: se estes se adaptan ao curso correspondente, se se poden acadar coas unidades propostas, a porcentaxe de alumnado que consegue ditos obxectivos, etc.
- Idoneidade das unidades didácticas propostas: se hai correlación entre obxectivos, contidos e criterios de cualificación nestas, a corrección da temporalización. e se contribúen realmente a acadar as competencias clave.
- Utilidade materiais didácticos empregados: comprobar se o alumnado os entende, se son variados, se están adaptados para o alumnado con necesidades educativas específicas e de apoio educativo, se inclúen TIC, etc.
- Valoración dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación: se son útis e precisos, se os instrumentos de avaliación inclúen métodos cualitativos e cuantitativos, se se inclúen procedementos de recuperación, etc.
- Grao de implicación dos estudantes no proceso de ensino-aprendizaxe: coñecen os obxectivos propostos, o repertorio e actividades parécenlles adecuados, coñecen os criterios de avaliación e cualificación, etc.
- Tido en conta o anterior, elaboración de propostas de mellora.

Os ítems anteriores avalíaranse mediante os indicadores ben ou acadado, mal ou non acadado e regular ou mellorable no caso de que sexa acadado pero que se poida revisar e mellorar.

AUTOAVALIACIÓN: SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINANZA-APRENDIZAXE

Indicadores: terán unha valoración do 1-10. A partir do

resultado, redactaranse as propostas de mellora pertinentes.

. Planificación (Actividade): INDICADORES DE LOGRO:

1. Planifica a práctica docente tendo en conta os estándares de aprendizaxe.
2. Realiza a temporización tendo en conta as horas asignadas á materia e a duración dunha sesión de traballo.
3. Selecciona e secuencia os contidos de maneira progresiva e tendo en conta os aspectos particulares de cada grupo.
4. Planifica as clases de maneira aberta e flexible.
5. Selecciona e elabora os materiais e recursos didácticos para desenvolver a práctica docente na aula.
6. Establece criterios, procedementos e instrumentos de avaliación.
7. Coordínase co profesorado doutros departamentos.

. Motivación do alumnado (Actividade): INDICADORES DE LOGRO:

1. Dá a coñecer os temas proporcionando unha visión de conxunto.
2. Establece canles de comunicación para que o diálogo sexa fluído dentro e fóra da aula.
3. Proporciona ao alumnado o apoio necesario durante o proceso de ensino-aprendizaxe.
4. Desenvolve actividades de diverso tipo e características.
5. Fomenta un bo ambiente na aula.

6. Promove a participación activa do alumnado.
7. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.

. Traballo na aula (Actividade): INDICADORES DE LOGRO:

1. Resume e repasa ao comezo de cada sesión os contidos xa traballados en sesións anteriores.
2. Desenvolve o contido na clase dunha forma comprensible e ordenada
3. Resolve as dúbidas do alumnado dentro e fóra das sesións de traballo.
4. Establece tempos fóra das sesións de traballo para atender ao alumnado.
5. Utiliza esquemas, gráficos, exemplos aula variados... durante as sesións de traballo.
6. Selecciona actividades en xeral que permiten alcanzar aprendizaxe e os estándares de adquisición das competencias clave.
7. Estimula a participación activa do estudante na aula.

. Avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe (Actividade): INDICADORES DE LOGRO:

1. A principio de curso explica a programación.
2. Cumpre ca programación que propuxo ao comezo de curso.
3. Realiza a avaliación inicial a fin de tomar medidas individuais ou colectivas necesarias.
4. Establece medidas que lle permitan introducir melloras.
5. Proporciona indicadores durante a realización do

traballo na aula.

6. Supervisa de forma continua a resolución de exercicios e realización de tarefas que se desenvolven durante as sesións de traballo.

7. Favorece os procesos de autoavaliación. Propón actividades complementarias para resolver dúbidas que xorden durante o proceso de ensino-aprendizaxe.

Establece con claridade os criterios de avaliación e de puntuación. Informa ao alumnado e as súas familias dos resultados obtidos.

. Valora esta materia según lo que te guste y te interese:

1. Crees que has aprendido: Nada/ algo /Poco/ bastante/ Mucho Porque....

2. La materia te ha resultado: Muy difícil/ difícil / Normal/ Fácil/ Muy fácil Porque...

3. Tu rendimiento ha sido: Nulo/ escaso/ suficiente/ alto/ Muy alto Porque...

4. Has trabajado: Nada/ poco/ Lo justo/ bastante/ Mucho Porque...

5. Consideras que las explicaciones del Profesor/Profesora fueron: Muy malas/ malas/ Normales/ buenas/ Muy buenas Porque...

6. Las relaciones y el trato con el Profesor/Profesora fueron: Muy malas/ malas/ Normales/ buenas/ Muy buenas Porque...

7. Crees que has sido evaluado, según tus conocimientos y esfuerzo: Muy mal/ mal/ Regular/ bien/ Muy bien Porque...

8. Has recibido por parte del Profesor/Profesora en todo

momento unas instrucciones Insuficientes/ Suficientes, pero mejorables Amplias, detalladas y precisas.

9. Con respecto a los exámenes y pruebas propuestos: Fuiste informado con tiempo suficiente para prepararlos/ Su contenido y dificultad se ajustó a la materia trabajada en clase durante la evaluación/ Se te entregaron corregidos y evaluados conforme a los criterios establecidos con anterioridad.

10. Indica cuáles de los aspectos trabajados durante el curso te resultaron más difíciles de asimilar:

11. Indica las sugerencias que estimes oportunas para mejorar tu rendimiento en esta materia:

- . Qué crees que deberías hacer tú:
- . Qué crees que debería hacer el Profesor/Profesora:

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para o seguimento da programación, avaliación e propostas de melloras utilizaremos unha táboa de indicadores considerando os ítems expostos no punto anterior: "avaliación do proceso de ensino e práctica docente", valorando para cada un deses ítems o grao de consecución e facendo propostas de mellora naqueles puntos que se observen carencias. Así o procedemento de seguimento e avaliación da programación e da práctica docente farase mediante táboas de indicadores.

A partir da análise dos datos extraídos destes procedementos de seguimento, faranse as correspondentes propostas de mellora. Dito seguimento farase trimestralmente acordando en reunión de

departamento os cambios a introducir na programación a través da aplicación proens en cada trimestre e a final de curso de cara ao ano seguinte.

Por iso, pretendemos realizar as seguintes propostas de mellora para o curso 2023-2024:

1. Maior constancia e insistencia no ensino das estratexias necesarias para a planificación do traballo persoal e autónomo.

2. Aplicación progresiva das técnicas de xestión das presentacións e intervencións orais e escritas e no emprego das estratexias e os coñecementos axeitados á situación de comunicación e á transmisión clara da súa mensaxe.

9. Outros apartados